



Manual

de Identidade Corporativa





■ Sobre este manual

Introducción

Este Manual de imaxe corporativa é a guía na que se deben basear todas as persoas que interveñen no proceso de realización de calquera deseño vencellado á imaxe do Concello da Coruña. Debe ser respectado con responsabilidade para así garantir o uso correcto dos signos gráficos, das cores, tipografías, material de papelería, promoción etc.

Este manual presenta, explica e describe os elementos constitutivos desta nova marca corporativa.

Tamén fai unha recompilación ampla e polo miúdo das aplicacións da marca en varias modalidades, circunstancias e formatos.

Neste manual preséntanse os tres elementos que conforman a imaxe corporativa do Concello da Coruña: a marca institucional, a marca corporativa e o símbolo corporativo.

A marca institucional, formada polo logotipo do escudo municipal e o nome utilizarase para todo o relacionado coa actividade institucional e administrativa do concello. Tamén se empregará o escudo para a imaxe da alcaldesa.

O “Cñ” que naceu como “marca cidade” utilizarase, xunto co nome, na marca corporativa, para todos os servizos que o concello lle proporciona á cidadanía.

Por último, o símbolo corporativo servirá para reforzar a imaxe en elementos gráficos e nas redes sociais.

Estas dúas alternativas de marca, institucional e corporativa, son independentes entre si e teñen cadansúa función e aplicación determinada.

Elimináronse todos os elementos que esmorecían a marca para lle dar máis presenza ao concello e dáse cumprimento á obriga prevista no artigo 7 da Ordenanza municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña aprobada polo Excmo. Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 3 de xuño de 2021 e publicada no BOP do 22 de xuño de 2021.

O bo uso deste manual esixe o compromiso de todas as entidades ou persoas responsables de interpretar, artellar, comunicar e aplicar a marca nos seus diferentes ámbitos, como poden ser empresas

de deseño, medios de comunicación, imprentas e empresas de rotulación.

Se o compromiso das persoas e entidades externas ao concello é moi importante, resulta fundamental a implicación de todo o persoal municipal na súa correcta aplicación.

Intentouse reflectir opcións suficientes para que calquera persoa poida crear as pezas necesarias cunha imaxe nítida, coherente e recoñecible.

As directrices presentadas non pretenden restrinxir a creatividade, senón simplemente ser unha guía que abra novas posibilidades creativas.

Os casos que non aparezan reflectidos neste manual, ou aqueles que presenten dificultades ou dúbidas de aplicación, deberán ser consultados co departamento responsable da imaxe corporativa do Concello da Coruña (imagen@coruna.es).

Este manual e a súa normativa ten prioridade sobre calquera outro que inclúa a marca corporativa.